



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2021/22

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Esta addenda xorde da necesidade de contextualizar a Programación Didáctica Anual aos cambios no procedemento de avaliación ordinaria e extraordinaria por mor da Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación no ensino de primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bachalerato no sistema educativo de Galicia.

1. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN	
1.1. AVALIACIÓN FINAL DE XUÑO	
a) Alumnado coa materia superada.	Considerarase que unha alumna ou un alumno terá superada a materia no momento no que a súa nota media sexa superior ou igual a un 5 sobre 10. Nos casos nos que así aconteza, desenvolveranse actividades de reforzo da materia vista e, no seu caso, sempre que o alumnado así o requira, de coñecemento de puntos converxentes coa materia que non se tocasen en profundidade ao longo do curso. Trátase, polo tanto, de que eses días sirvan non só para un reforzo dos contidos xa vistos, senón tamén para un mellor coñecemento

	<p>daqueles aspectos que se viron ao longo das tres avaliacións e que o alumnado considera de especial interese.</p> <p>Para a obtención da nota da avaliación final farase unha media ponderada na que a nota da terceira avaliación suporá un 90% e a das actividades propostas durante eses días un 10%. A nota resultante redondearase ao número enteiro máis próximo agás no caso de que o resultado sexa de X,5 puntos (sendo «x» un número enteiro), no que a aproximación realizarase ao seguinte número enteiro máis próximo.</p>
b) Alumnado con algunha parte da materia suspensa.	<p>No caso de que o alumnado superara a terceira avaliación, pero teña algunha avaliación suspensa, realizaranse actividades de reforzo desas aprendizaxes non suficientemente desenvolvidas.</p> <p>Do mesmo xeito, a mellora, ou non, nesas aprendizaxes, será avaliada mediante unha proba escrita que terá un valor do 80% da nota final. O 20% restante, como se indica nas programacións de aula, corresponderá á nota das actividades e traballos desenvolvidos durante a avaliación suspensa, pois considérase necesario recoñecer o esforzo realizado durante o curso.</p> <p>Unha vez se obteñan os resultados correspondentes a esa avaliación suspensa, a nota da mesma formará parte dunha media ponderada coas outras dúas avaliacións. De xeito que a nota resultante corresponderá ao conxunto do curso.</p> <p>NOTA: no caso de TIC, as actividades de desenvolvemento das aprendizaxes que se realicen serán avaliadas e o seu resultado suporá o 80% da nota da avaliación suspensa. O 20% restante corresponderá ás actividades que se fixeron en dita avaliación. Nesta</p>

	materia non haberá proba de recuperación escrita.
c) Alumnado con toda a materia suspensa.	<p>Este alumnado terá que realizar unha proba na que se condensarán as aprendizaxes desenvolvidas ao longo do curso. Se ben, dado que é imposible que o traballo de meses se congrege nunha soa ferramenta de avaliación, o docente dará a coñecer ao alumnado aqueles indicadores de logro que será necesario superar e traballaranse co obxectivo de acadar os mínimos necesarios para aprobar a materia.</p> <p>Neste caso, a nota será, nun 80%, resultado desa proba final e haberá un 20% correspondente ás tarefas de aprendizaxe desenvolvidas ao longo do curso, como aparece reflectido nas distintas programacións de aula.</p> <p>NOTA: no caso de TIC, as actividades de desenvolvemento das aprendizaxes que se realicen serán avaliadas e o seu resultado suporá o 80% da nota da avaliación final. O 20% restante corresponderá ás actividades que se fixeron ao longo do curso. Nesta materia non haberá proba final escrita.</p>
<p>2. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES</p> <p>(Período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO)</p>	
METODOLOXÍA	<p>Dado que dentro do Departamento hai tres áreas de coñecemento distintas e, a partir dos resultados das avaliacións, diferentes tipos de alumnado no que ás necesidades de reforzo das aprendizaxes se refire, divídese esta metodoloxía nos seguintes apartados:</p> <p>Materia: Xeografía e Historia (1º, 2º, 3º e 4º da ESO).</p> <p>Alumnado coa materia aprobada: deseñaranse para este alumnado actividades de reforzo e ampliación dos coñecementos adquiridos ou daqueles relacionados coa materia e co nivel correspondente que poidan resultar de interese.</p>

Alumnado con algunha parte da materia pendente: estableceranse cales son as aprendizaxes a reforzar e deseñaranse actividades específicas da avaliación correspondente.

Alumnado coa materia suspensa: estableceranse cales son as aprendizaxes a reforzar e deseñaranse actividades específicas de todo o curso.

Materia: Economía.

Alumnado coa materia aprobada: desenvolveranse actividades referidas, principalmente, á microeconomía, por ser aquela área da materia de maior proximidade para o día o día do alumnado.

Alumnado con algunha parte da materia pendente: estableceranse cales son as aprendizaxes a reforzar e deseñaranse actividades específicas da avaliación correspondente.

Alumnado coa materia suspensa: crearanse dous bloques: un de macroeconomía e outro de microeconomía, que vertebrarán as aprendizaxes a reforzar. A partir destes deseñaranse as actividades específicas.

Materia: TIC

Alumnado coa materia aprobada: desenvolveranse actividades centradas naquelas áreas de coñecemento que resultan de interese para o alumnado debido á formación que prevén cursar no futuro ou aos seus intereses persoais. É dicir, abrírase á porta a experimentar con aplicacións e ferramentas que sexan de interese particular sempre que teñan un fin académico.

Alumnado con algunha parte da materia pendente: realizaranse actividades de recuperación desas partes que non foron superadas ao longo do curso. NOTA: estas actividades serán tomadas como referencia para a obtención do 80% da nota correspondente a esa avaliación. O 20% restante corresponderá á actividades que se fixeron na avaliación non superada.

	<p>Alumnado coa materia suspensa: realizaranse actividades de desenvolvemento das aprendizaxes non superadas ao longo do curso. NOTA: estas actividades serán tomadas como referencia para a obtención do 80% da nota correspondente á avaliación final. O 20% restante corresponderá á actividades que se fixeron ao longo do curso.</p>
<p>ACTIVIDADES</p>	<p>As actividades que se desenvolverán aproveitarán todos os recursos dixitais dos que dispoñemos e daqueles recursos bibliográficos que se empregan nas materias de Xeografía e Historia de 2º, 3º e 4º da ESO e Economía de 4º da ESO.</p>
<p>MATERIAIS E RECURSOS</p>	<p>Os materiais e recursos empregados serán: Aula Virtual, E-Dixgal, Pizarra Dixital, dispositivos portátiles e cadernos de traballo.</p>